



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 30 de novembro do 2023, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor do Concello.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
 - D. David Puñal Prol, Xefe do Servizo de Parques e Xardíns, para a licitación nº 2023/CONTRAT/000147; en substitución de D. Ramón E. Martín Palma.
- **Público asistente:**
 - D. Victor Eiranova Canosa, en representación da empresa “Automóviles y Recambios La Grela, S.A.” para a licitación nº 2023/CONTRAT/000160.

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Orde do Día

1.- 2023/CONTRAT/000144: CONTRATO MIXTO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS, DE SERVIZO DE LIMPEZA E DE SERVIZO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO LOCAL SITO NO PARQUE DAS TRECE ROSAS

Acto non público de:

- Ditame sobre emenda de defectos detectados nos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

2.- 2023/CONTRAT/000147: SUBMINISTRACIÓN DE ARBORADO PARA PLANTACIÓN EN ZONAS VERDES E VIAIS

Acto público de:

- Ditame sobre das ofertas incursas en situación de anormalmente baixas
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

3.- 2023/CONTRAT/000153: CONTRATACION DO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS DO CONCELLO DE OLEIROS

Acto público de:

- Ditame sobre documentación presentada polos licitadores, se é o caso, para completar a oferta económica (catálogos)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

4.- 2023/CONTRAT/000160: SUBMINISTRACIÓN DE DOUS VEHÍCULOS FURGÓN PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS MUNICIPAIS

Acto ⁽¹⁾ de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

⁽¹⁾ A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.





1.- 2023/CONTRAT/000144: CONTRATO MIXTO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS, DE SERVIZO DE LIMPEZA E DE SERVIZO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO LOCAL SITO NO PARQUE DAS TRECE ROSAS

Na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 25 de outubro de 2023, aprobouse o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto con multiplicitade de criterios de avaliación, do contrato mixto denominado “Contrato mixto de concesión de servizos, servizo de limpeza e de información turística do local sito no Parque das 13 Rosas”.

O importe de licitación, para un prazo de execución de dez anos, é de 154.520,80 € ao que se lle suma un 21% de IVE (32.449,37 €), o que supón un importe de 186.970,17 € IVE engadido. O valor estimado ascende a 154.520,80 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 27 de outubro do 2023.

Rematado o día 22 de novembro do 2023 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
EQUISCONCEPT, S.L.	B13921945	22-11-2023 15:52
JACOBO ASTRAY TUDELA	46902524g	22-11-2023 14:01

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 23 de novembro do 2023, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e detectou os seguintes defectos na documentación presentada polas empresas que se citan:

- EQUISCONCEPT SL. (B13921945): Presenta o documento DEUC incompleto. Deberán de presentar as partes III e IV de dito documento debidamente cumprimentadas, de acordo ao establecido na cláusula 3.1.4, apartado b) do PCAP.
- D. JACOBO ASTRAY TUDELA (46902524g): Non presenta o documento DEUC, tal como establece a cláusula 3.1.4, apartado b) do PCAP. Deberá presentalo debidamente cumprimentado.

A Mesa de Contratación admíteas provisionalmente e concédelles a estes licitadores un prazo de catro días hábiles para a emenda destes defectos.

Dentro do prazo concedido, tanto “Equisconcept, S.L.” como D. Jacobo Astray Tudela presentan a documentación que consideran oportuna para a emenda dos defectos detectados no sobre nº 1.

Procedería que, neste acto, a Mesa comprobara a documentación presentada por “Equisconcept, S.L.” e por D. Jacobo Astray Tudela e decidise sobre a súa admisión.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Así, en acto non público, analizada a documentación presentada, a Mesa considéraa correcta polo que, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Admitir definitivamente a “EQUISCONCEPT, S.L. e a D. JACOBO ASTRAY TUDELA a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas admitidas presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adjudicación (subxectivos) reflectidos no Anexo IX do PCAP, que consiste nun proxecto de explotación.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe do Comité de Expertos designado no anexo IX do PCAP para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo IX (criterios subxectivos).





2.- 2023/CONTRAT/000147: SUBMINISTRACIÓN DE ARBORADO PARA PLANTACIÓN EN ZONAS VERDES E VIAIS

Por Resolución da 1ª Tenente da Alcalde nº 2023005342, de 27 de outubro do 2023, corrixida por Resolución nº 2023005564, de 8 de novembro do 2023; aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración denominada “SUBMINISTRACIÓN DE ARBORADO PARA PLANTACIÓN EN ZONAS VERDES E VÍAS”.

O importe de licitación é de 22.709,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (2.270,90 €), o que supón un importe de 24.979,90 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 30 de outubro do 2023

Rematado o día 14 de novembro do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
ANTONIO ALVARIÑO, S.L.	B27369636	13-11-2023 12:48
EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	B40011934	10-11-2023 09:25
JESÚS GUTIÉRREZ SANTOS	12401224S	13-11-2023 17:53
PLANTAS DE LEVANTE, S.L.	B98429285	14-11-2023 23:47
VIVEIROS ADOA, S.L.	B36300564	14-11-2023 09:58
VIVEROS BORRAZÁS, S.L.	B15859473	10-11-2023 11:56

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 16 de novembro do 2023, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico único presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa acordou excluír á empresa “PLANTAS DE LEVANTE, S.L.” ao ofertar o prezo unitario de certas unidades por encima do prezo unitario máximo de licitación e admitir ás restantes empresas.

Con respecto ás proposicións, a Mesa detectou que a oferta presentada por D. JESÚS GUTIÉRREZ SANTOS estaba en situación de oferta anormalmente, polo que lle concedeu un prazo de cinco días hábiles para que xustificase a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

O día 23 de novembro do 2023, D. JESÚS GUTIÉRREZ SANTOS presenta a documentación que considera oportuna para xustificar a súa oferta económica, a cal é remitida aos servizos técnicos para que a examinen e emitan informe ao respecto.

O día 29 de novembro do 2023, D. Ramón E. Martín Palma -Coordinador da área de Servizos- e D. David Puñal Prol -Xefe da unidade de parques e xardíns-; subscriben informe técnico valorando a





documentación xustificativa presentada pola empresa.

Xa que logo, procedería dar conta á Mesa de Contratación do informe emitido ao respecto e, se é o caso, realizar o acto de valoración das ofertas admitidas presentadas nos sobres únicos.

Así, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, procédese a dar conta do informe técnico emitido ao respecto. Neste informe -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, o técnico considera xustificada a oferta económica presentada polo licitador para asegurar unha correcta execución dos traballos coa oferta presentada; e conclúe:

“.../...”

Do análise xeral da súa xustificación pódese inferir capacidade para o cumprimento do contrato dacordo as solucións e prezos ofertados.”

En consecuencia, tendo en conta o informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a esta licitación a D. JESÚS GUTIÉRREZ SANTOS. (12401224S) por considerar xustificada a oferta anormalmente baixa presentada.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas, resultando:

CRITERIO		ANTONIO ALVARIÑO	EL EJIDILLO	JESÚS GUTIÉRREZ	ADOA	BORRAZÁS
Oferta económica, sen IVE	Importe, sen IVE	19.244,00 €	21.944,00 €	16.483,00 €	21.146,00 €	18.151,00 €
	Puntos	70,63 / 100	15,73 / 100	100 / 100	33,11 / 100	82,25 / 100

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL SOBRE ÚNICO
1	JESÚS GUTIÉRREZ SANTOS	12401224S	100 / 100
2	VIVEROS BORRAZÁS, S.L.	B15859473	82,25 / 100
3	ANTONIO ALVARIÑO, S.L.	B27369636	70,63 / 100
4	VIVEIROS ADOA, S.L.	B36300564	33,11 / 100
5	EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	B40011934	15,73 / 100

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato para a subministración denominada “SUBMINISTRACIÓN DE ARBORADO PARA PLANTACIÓN EN ZONAS VERDES E VÍAS” a D. JESÚS GUTIÉRREZ SANTOS (12401224S) por un importe de 16.483,00 € (18.131,30 €, IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

3.- 2023/CONTRAT/000153: CONTRATACION DO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS DO CONCELLO DE OLEIROS

Por Resolución da 1ª Tenente da Alcalde nº 2023005516, de 6 de novembro do 2023 aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da prestación de servizo denominada "CONTRATACION DO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS DO CONCELLO DE OLEIROS".

O importe de licitación é de 46.000,00 €, ao que se lle suma un 21 % de IVE (9.660,00 €), o que supón un importe de 55.660,00 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de UN (1) ano, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 55.200,00 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 7 de novembro do 2023

Rematado o día 21 de novembro do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da Empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
FONELEC-NOS S.L.	B15054000	21-11-2023 18:53
FRICALOR INSTALACIONES, S.L.	B70229745	17-11-2023 18:53
MONCOBRA, S.A.	A78990413	21-11-2023 10:14

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 23 de novembro do 2023, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico único presentado polas empresas licitadoras denominado "Documentación administrativa e proposición".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

Con respecto ás proposicións, unha vez abertas as ofertas económicas, a Mesa comprobou que ningunha das tres empresas presenta o catálogo de produtos esixido no Anexo X do PCAP: "Os licitadores deberán achegar un exemplar do seu catálogo de produtos, indicando PVP". A empresa MONCOBRA, S.A. remite a unha páxina web na que non queda claro como e onde ver e comprobar esta documentación.

A Mesa considerou necesario requirirle ás tres empresas dita documentación esixida no Prego coa finalidade de comprobar a veracidade do nº de referencias ofertado no criterio de adjudicación "Amplitude de catálogo". Así, concedéuselle ás empresas un prazo de tres días hábiles para que presentasen o catálogo de produtos.

Dentro do prazo concedido, as tres empresas presentan a documentación requirida.





Procedería que, neste acto, a Mesa comprobara a documentación presentada e decidise sobre a súa admisión.

Así, en acto non público ao que non se presenta ningún asistente, analizada a documentación presentada, a Mesa considéraa correcta polo que, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Admitir definitivamente a estas tres empresas a esta licitación.

Deste xeito, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas, resultando:

CRITERIO		FONELEC-NOS S.L.	FRICALOR INSTALACIONES, S.L.	MONCOBRA, S.A.
Oferta económica sen IVE	Importe	41.660,00 €	42.807,00 €	44.418,31 €
	Puntos	26,40 / 60,00	19,43 / 60,00	9,63 / 60,00
Tempo de resposta inferior a 2 horas	Sí/Non	Sí	Sí	Sí
	Puntos	20,00 / 20,00	20,00 / 20,00	20,00 / 20,00
Amplitude de catálogo	Nº de referencias	300	75.000	21.598
	Puntos	0,04 / 10,00	10,00 / 10,00	2,88 / 10,00
Desconto medio ofertado	Desconto	18,68 %	20 %	1 %
	Puntos	9,34 / 10,00	10,00 / 10,00	0,50 / 10,00
PUNTUACIÓN TOTAL ÚNICO		55,78 / 100	59,43 / 100	33,01 / 100

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL SOBRE ÚNICO
1	FRICALOR INSTALACIONES, S.L.	B70229745	59,43 / 100
2	FONELEC-NOS S.L.	B15054000	55,78 / 100
3	MONCOBRA, S.A.	A78990413	33,01 / 100

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado “MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS DO CONCELLO DE OLEIROS” á empresa “FRICALOR INSTALACIONES, S.L.” (B70229745) por un importe de 42.807,00 € (51.796,47 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.





4.- 2023/CONTRAT/000160: SUBMINISTRACIÓN DE DOUS VEHÍCULOS FURGÓN PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS MUNICIPAIS

Por Resolución da 1ª Tenente da Alcaldía nº 2022005577, de 9 de novembro do 2023, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración denominada “SUBMINISTRACIÓN DE DOUS VEHÍCULOS FURGÓN PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS MUNICIPAIS”.

O importe de licitación é de 57.355,38 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (12.044,63€), o que supón un importe de 69.400,00€ IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 13 de novembro do 2023.

Rematado o día 27 de novembro do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
AUTOMÓVILES Y RECAMBIOS DE LA GRELA, S.A.	A15596489	27-11-2023 11:09

De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado pola empresa licitadora denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	LA GRELA, S.A.
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV Non presenta
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV Non presenta
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV Non presenta
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV Non presenta
	Datos de subcontratación	Anexo IV Non presenta
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre

Así, a Mesa de Contratación comproba que a empresa “AUTOMÓVILES Y RECAMBIOS DE LA GRELA, S.A.” (A15596489), non presenta o anexo IV do PCAP; tal como se establece na cláusula 2.2.4.a) do PCAP.





Para unha maior eficacia, economía e celeridade no procedemento de licitación, dado que se trata dun procedemento aberto simplificado sumario e que só se presentou unha empresa; a Mesa decide admitir a esta empresa e, no caso de resultar adxudicataria, deberásele requirir que presente o anexo IV do PCAP xunto coa documentación a que fai referencia a cláusula 2.3.2 do PCAP

PRIMEIRO.- Admitir a única empresa presentada a esta licitación.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que asiste D. Victor Eiranova Canosa en representación de "Autómoviles y Recambios de La Grela, S.A.", á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Analizada a oferta, os servizos económicos da Mesa de Contratación, comprobando que a oferta presentada por AUTOMÓVILES Y RECAMBIOS DE LA GRELA, S.A. estaría en situación de oferta anormalmente baixa.

O resumo das ofertas achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		AUTOMÓVILES Y RECAMBIOS DE LA GRELA
Oferta económica	Importe	28.647,11 € (34.663,00 €, co IVE)
	Puntos	
Prazo entrega	Prazo	0 -10 días
	Puntos	
Incremento prazo de garantía	Incremento	Non
	Puntos	
Servicio post-venta	Distancia	Si. Fóra do termo municipal, nunha distancia inferior ou igual a 15 km.
	Puntos	

E a Mesa de Contratación, á vista da oferta anormalmente baixa presentada por AUTOMÓVILES Y RECAMBIOS DE LA GRELA, S.A., por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que se lle conceda ao licitador AUTOMÓVILES Y RECAMBIOS DE LA GRELA, S.A. (A15596489) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación

